

EDICTO

Na Notaría de **CRISTINA MOSQUERA CRIADO**, sita na Avenida de Compostela, número 39, entresollado 5, Padrón (A Coruña), código postal 15900, estase tramitando expediente de dominio para inmatriculación no Rexistro da Propiedade, nos termos seguintes:

I.- Identificación do expediente: Acta autorizada o 23 de xaneiro de 2025, número 35 de protocolo:

II.- Obxecto:

1.- Descripción: "**URBANO**: Predio coñecido cos nomes "PALLAL DO XAQUÍN" e "DEBAIXO DO HÓRREO", situado no lugar de Liñares , parroquia de San Miguel de Costa, municipio de Rois, dunha superficie de dez árees e noventa e unha centíreas (1091 m²), no que trescentos trinta e nove metros cadrados (339 m²) están ocupados polas seguintes edificacións:

- **CASA destinada a VIVENDA UNIFAMILIAR**, sinalada co **número 198 do lugar de Liñares**, de planta semisoto, planta baixa e planta baixo cuberta, cunha superficie total construída de catrocentos setenta e cinco metros cadrados (475 m²), que se distribúen entre as devanditas plantas como segue: - planta semisoto, destinada a almacén, dunha superficie construída de cento noventa e catro metros cadrados (194 m²); planta baixa, destinada a vivenda, dunha superficie construída de douscentos dezasete metros cadrados (217 m²); e planta baixo cuberta, destinada a almacén, dunha superficie construída de sesenta e catro metros cadrados (64 m²).

- **ALPENDRE**, de planta baixa, que ocupa e ten unha superficie construída de sesenta metros cadrados (60 m²).

- E **APARCADOIRO**, de planta baixa, que ocupa e ten unha superficie construída de sesenta e dous metros cadrados (62 m²).

Forma todo un só predio, no que ademais está situado un **hórreo** de tres claros que ocupa once metros cadrados (11 m²), e linda: Norte, parcelas do polígono 504, número 443, con referencia catastral 15075B504004430000GP, de María do Carme Freire Cruces, e número 342, con referencia catastral 15075B504003420000GB, do Concello de Rois; Sur, parcelas do polígono 504, número 5052, con referencia catastral 15075B504050520000GR, de Antonio Veiga Rey, hoxe dos seus herdeiros, número 5054, con referencia catastral 15075B504050540000GX, de Francisco Lois Rodríguez e, nunha pequena parte, número 341, con referencia catastral

15075B504003410000GA, tamén de Francisco Lois Rodríguez, e, en parte, camiño (parcela 9065 do polígono 504, con referencia catastral 15075B504090650000GX); Leste, parcelas do polígono 504, número 5052, con referencia catastral 15075B504050520000GR, de Antonio Veiga Rey, hoxe dos seus herdeiros, e número 342, con referencia catastral 15075B504003420000GB, do Concello de Rois, e camiño (parcela 9065 do polígono 504, con referencia catastral 15075B504090650000GX); e Oeste, parcelas do polígono 504, número 341, con referencia catastral 15075B504003410000GA, de Francisco Lois Rodríguez, número 443, con referencia catastral 15075B504004430000GP, de María do Carme Freire Cruces, e, nunha pequena parte, número 441, de Francisco Freire Cruces".do polígono 504, con referencia catastral 15075B504004410000GG)."

2.- DATOS CATASTRAIS: - Referencia catastral: **15075B504004440000GL**. – Titulares: María Asunción Lourdes Cruces Vilas e Francisco Freire Cruces. – Superficie gráfica: mil noventa e un metros cadrados (1091 m²). – Superficie construída: cincocentos noventa e sete metros cadrados (597 m²). – E ano de construcción: 1900.

III.- Os promotores do expediente son:

Dona MARÍA ASUNCIÓN LOURDES CRUCES VILAS, maior de idade, veciña de Rois (A Coruña), con domicilio na parroquia de San Miguel de Costa, lugar de Liñares, número 198.

Don FRANCISCO FREIRE CRUCES, maior de idade, veciño de Rois (A Coruña), con domicilio na parroquia de San Miguel de Costa, lugar de Liñares, número 198.

Notifícaselle a presente tramitación a calqueira persoa que poida ter algúun dereito ou pretensión sobre o predio anterior, de conformidade co previsto no artigo 203 da Lei Hipotecaria.

Tales dereitos poderan inscribirse ou anotarse, no seu caso, nos termos que resulten do documento público de adquisición. A omisión da inscrición ou anotación pode deparar perxucio.

Calquera interesado ten dereito a comparecer nesta Notaría, examinar o expediente, formular alegacións e aportar probas escritas do seu dereito no prazo de un mes.

Padrón, 12 de febreiro de 2025.